

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I22G	<i>Expediente</i> CON/48/2016	<i>Fecha</i> 25-11-16 13:16

Número 86.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á adxudicación do contrato de repavimentación do entorno do parque de Santa Susana.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 25 de novembro de 2016, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 86 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE REPAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DO PARQUE DE SANTA SUSANA.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 22 de novembro de 2016, do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade; así mesmo, do informe con observación de Intervención, nº 2016/757 de data 24.11.16.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Jorge Duarte Vázquez**, concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, e presidente da mesa de contratación da licitación "Repavimentación do entorno do Parque de Sta Susana", conforme os termos establecidos no artigo 320 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG10I22G	CON/48/2016	25-11-16 13:16

Primeiro: Con data 4 de novembro de 2016 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador F. GOMEZ Y CIA SL.

Segundo: Con data 22 de novembro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa F. GOMEZ Y CIA SL (CIF: B15009533), por un importe de **72.994 euros** (IVE aparte 21%: 15.328,74 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 17100 60900**, finalizándose os traballos antes do 31 de decembro de 2016."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de "**Repavimentación do entorno do Parque de Sta Susana**", a favor da empresa F. GOMEZ Y CIA SL (CIF: B15009533), por un importe de **72.994 euros**, (IVE aparte 21%: 15.328,74 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I22G	<i>Expediente</i> CON/48/2016	<i>Fecha</i> 25-11-16 13:16

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 060 17100 60900, finalizándose os traballos antes do 31 de decembro de 2016.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

